

No traballo musical de Cores do Atlántico abórdase unha lectura contemporánea da melodía das cantigas integrando as sonoridades galegas, portuguesas, africanas e, especialmente, brasileiras, espazos que comparten o patrimonio cultural da lírica galego-portuguesa. Dende os ritmos brasileiros como a ciranda, o samba, o batuque, o baião, o congo, o aboio ou a toada nordestina, Cores do Atlántico integra as sonoridades de tres continentes unidos por un patrimonio común: a lírica das cantigas de amigo galego-portuguesas.

Desde o Brasil, a compositora e cantora **Socorro Lira** reúne voces tradicionais como as das **Ciandeiras de Caiana de Crioulos**

xunto a colaboracións de

Margareth Menezes-a Maga

e de

Cida Moreira

. Desde Africa, a guineana

Eneida Marta

achega a súa cálida voz asociada aos ritmos de Guiné Bissau como o Gumbé, a Morna ou a Singa.

João Afonso

e

Teresa Paiva

introducen a expresión portuguesa e a sonoridade da gaiteira do Porto. En Galicia, son as voces de

Leilía

e

Uxía

as que recrean as cantigas que noutrora cantaron as mulleres neste territorio de orixe da lírica medieval galego-portuguesa. Os arranjos são do músico brasileiro Jorge Ribbas.

